

Recordatorio de deberes legais ao concello de Marín da obriga de contestar expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación e suxestión de incorporar varandas ou outros elementos de seguridade ás carrozas/vehículos participantes na Cabalgata de Reis e similares

Expediente: V.4.Q/4042/23

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2023

Sra. Alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona XXX veciña dese concello.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, manifesta o seguinte:

A súa filla participaba na Cabalgata de Reis na carroza do concello. Esta non contaba con varandas de seguridade e nun momento a nena caeu. Acudiron á dotación de protección civil que tampouco contaba con xeo nin ningún material de primeiros auxilios e tiveron que acudir a urxencias.

Xunta coa queixa copia da reclamación presentada diante dese concello con data 17/01/2023 do que, na data de inicio deste expediente (30/03/2023), non obtivera resposta.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu. A documentación consta dun informe da policía local dese concello co seguinte texto:

“(..) No se tuvo constancia hasta la finalización del evento de ninguna incidencia. Al finalizar el mismo, nos indican que una niña pequeña había caído de una de las carrozas y que su padre la había acompañado al centro de salud más próximo para

una valoración médica sin más. Tal como se viene efectuando desde hace varios años, los participantes de las carrozas (al ser niños y niñas de corta edad) deben ir acompañadas en todo momento por alguno de sus progenitores o persona en quien deleguen para el cuidado de los mismos.

Señalar también que la participación es totalmente voluntaria y las medidas de seguridad de las carrozas ya se perciben antes del inicio de la comitiva.

Esta Policía Local, se encarga de la seguridad de la misma en todo su recorrido; contando para ello con personal propio, de Protección Civil y al menos un o una voluntaria en cada una de las carrozas. El recorrido consta de unos 1500 metros, totalmente acotado al tráfico, por una vía con un ancho de calzada superior a 8 metros y a una velocidad de entre 2 a 3 kilómetros hora como máximo. A los efectos oportunos, cabe indicar que la cabalgata dura aproximadamente una hora y media desde su inicio hasta su finalización.

Tal como se reflejó con anterioridad, efectivamente, el evento atrae a una multitud importante de personas tanto en su participación como en su visualización; llegando a aproximarse el público a las carrozas cuando desde ellas se tiran los caramelos por parte de los menores que participan en ella (los caramelos que se tiran son de goma para que su impacto contra el público no produzca incidente alguno).

Hasta este año, nunca se había producido ninguna caída de las carrozas, advirtiendo con antelación, a los adultos acompañantes de los menores que tenga especial cuidado con ellos cuando se dispongan a echar los caramelos al público.

En cuanto a la equipación de material de los voluntarios de protección civil, se nos informa que ese día disponían de material de primeros auxilios en el vehículo que se encontraba en cola de la comitiva. Esta Policía Local, está equipada en todos sus vehículos con material de primeros auxilios; incluso con DESA, manta térmica y extintor en cada uno de nuestros patrullas.

Atendiendo al escrito presentado, cabe indicar que la propia denunciante ya manifiesta que aunque se percató antes la cabalgata que las carrozas no disponían de barandillas de seguridad, decidieron continuar participando con su hija y que su padre la acompañaba desfilando a su lado. En cuanto a la inexistencia de vallas en su recorrido se consideran innecesarias puesto que la zona está totalmente acotada al tráfico y con vigilancia suficiente para vigilancia y control. (..) las vallas podrían ser un elemento entorpecedor y favorecer las aglomeraciones contra ellas (..). En otros ayuntamientos, se desarrollan prácticamente en las mismas circunstancias.

En cuanto a la circulación de los vehículos participantes en la cabalgata, todos ellos cumplen las condiciones y poseen los permisos pertinentes para circular en las circunstancias en que se desarrolla el evento.

Lamentando mucho lo sucedido, se atiende la sugerencia; y se intentará en años sucesivos, contar con más personal para el control de incidencias.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. En relación co accidente producido tanto o informe do concello como o texto de queixa concordan na descrición do evento así como das circunstancias nas que este se desenvolve de participación masiva, especialmente de menores acompañados polas súas familias.

Segundo se informa por parte da policía local, tanto nos vehículos do propio Corpo coma nos de Protección Civil contan con material de primeiros auxilios. Ao respecto da utilización de valado, no informe reflíctese que podería non resolver problemas e si converterse nun risco para a seguridade das persoas participantes.

Especifica o informe as medidas de seguridade postas en marcha e indícase a disposición da administración municipal de incrementalas, tanto no que atinxe ao persoal de vixilancia coma noutros extremos que se puideran entender precisos. Porén non se fai referencia a outro dos puntos sinalados pola interesada como potencialmente perigosos, dado que a súa filla caeu desde arriba: a existencia de elementos de seguridade como varandas nas propias carrozas tendo en conta que nas comitivas participan nenos e nenas pequenos que poden asomarse para repartir caramelos ou saudar á xente das beirarrúas.

SEGUNDA. Nada se indica no informe ao respecto da non resposta á reclamación presentada pola interesada presentada o día 17/01/2023. Nese sentido cómpre lembrar que a Administración está obrigada a responder á persoa que acode a ela, e ha de ofrecer unha resposta directa, rápida, exacta e legal. A obrigación administrativa de cumprir escrupulosamente coas normas que rexen os procedementos dimana directamente do mandato recolleito no artigo 103 da Constitución, segundo o cal a Administración debe servir con obxectividade aos intereses xerais e actuar con sometemento pleno á Lei e ao

dereito, sometemento que se articula mediante a suxeición da actuación pública ao procedemento administrativo establecido pola Lei e segundo os principios garantidos pola Constitución no seu artigo 9.3.

Ha de darse á cidadanía unha resposta expresa, por escrito, fundada, en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e en congruencia coas pretensións expresadas, todo iso con prontitude e sen demora inxustificada. É obrigado darlle resposta por escrito, aínda que se lle informe así mesmo verbalmente.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte recordatorio de deberes legais:

A administración deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

E a seguinte suxestión:

Dentro da súa capacidade organizativa, avaliar a incorporación de varandas ou elementos semellantes de seguridade nas carrozas e/ou vehículos participantes na Cabalgata de Reis e similares

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de



Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo